

“En Cuba os galegos fixemos cousas que aquí non podíamos: saber quen somos”

Dous séculos de historia compartida entre Cuba e Galiza percorren as páxinas da segunda novela de **María Xosé Porteiro** (Madrid, 1952). Mais a perspectiva non é exterior: a propia escritora viviu na illa até os 14 anos e defende con vehemencia a participación das galegas “na construción das sociedades latinoamericanas actuais”. Sobre a grande epopea migratoria trata **Sándalo** (Galaxia, 2019).

Daniel Salgado

05/xullo/2019

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/cuba-galegos-fixemos-cousas-aqui-non-podiamos-saber-quen-somos/20190704154941081562.html>

“A emigración é unha parte fundamental da nosa historia para comprendermos como chegamos aquí”, explica Porteiro a *Sermos Galiza*, “desde o século XIX e en boa parte do XX fomos un pobo que se baleirou e axudou a construír outras sociedades, sen rachar o vínculo coa casa”. Como o irlandés, como o italiano, como o xudeu, sinala, antes de se confesar “froito desa situación”.

Filla de pai galego simpatizante revolucionario e nai asturiana, viviu desde o seu interioro acontecementos decisivos do século XX. E relata que a súa ollada é “peculiar, distinta da doutros galegos emigrados en Cuba que se sentiron desposuídos pola Revolución”. Subxace no texto de *Sándalo*, case 400 páxinas cuxos episodios suceden entre 1823 e 2015 en contextos históricos reais.

“A mirada sobre a emigración galega pode ser sociolóxica ou podemos incorporala ao noso relato histórico normal”, entende, “se facemos socioloxía, estamos facendo chacinaría, despezando a historia. E, ao cabo, a bisbarra máis próxima a Galiza por occidente son as Antillas, como polo sur é Portugal”. En *Sándalo*, Galiza e Cuba entretécense sen solución de continuidade, adiante e atrás na axitada historia dos dous países.

“O meu coñecemento directo de Cuba -o primeiro que aprendín na miña vida-, e o de Galiza -que adquirín a partir dos 14 anos”, di, “servíronme para aprender que a historia de Galiza escribiuse moitas veces en Cuba. Os galegos estivemos alí facendo cousas que aquí non podíamos facer: por exemplo saber quen somos, dotarnos de bandeira, de himno, explicar por que nos consideramos patria”.

Todas estas ideas, memorias e interpretacións circulan por *Sándalo*. Porteiro confésase “totalmente influída” pola narrativa latinoamericana do boom. “Estando cada un no seu sitio,

por suposto, non me vou comparar”, afirma divertida, “pero esa maneira de xogar co espazo e co tempo está na novela”. Cita significativamente dous títulos: *La consagración de la primavera* (1978), de **Alejo Carpentier**, e *Tres tristes triges* (1964), de **Guillermo Cabrera Infante**.

Outras autoras galegas ocupáronse antes da emigración. Ela menciona **Xavier Alcalá** e os seus libros sobre a Arxentina e matiza: “Unha cousa é escribir sobre os territorios aos que emigramos e outra facelo desde o punto de vista dos emigrados”. Tampouco esquece “o gran labor de divulgación” sobre a galeguidade en Cuba de **Xosé Neira Vilas**. Mais *Sándalo*, informado pola propia experiencia, procurou “a posibilidade de contar algo distinto”.

A segunda obra de ficción de María Xosé Porteiro -a primeira foi *Covardes* (Ir Indo, 2001), un *thriller* sobre a trata nos anos 80- é lindeira. “Eu sempre pensei que non sabía escribir novela, son xornalista!”, opina, “e a xente dime que fixen unha crónica, non sei”. Unha crónica, en todo caso, que bota man da ficción e chega a lugares onde o xornalismo non pode chegar. E que se publica en 2019, cando ese vínculo histórico entre Galiza e as súas comunidades migrantes pode estar comezando a se esluír.

“Pero hai novamente un baleirado de xente, chea de talento, diferente e ao tempo semellante aquel. A emigración deixa ocos. Segue a ser un bo intre para reflexionar sobre ela”, engade, a xeito de conclusión.